

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



CONVOCATORIA

Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte.

Expediente 2023/U040/000002

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de abril de 2026, aprobou definitivamente o proxecto de expropiación forzosa para obter os terreos de protección necesarios para executar as actuacións previstas no contorno do xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no instrumento de ordenación territorial nomeado proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte.

No mesmo acordo resólvense as alegacións presentadas; apróbase a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo xacemento descrito; confreselles un prazo de 20 días ás persoas interesadas/titulares dos bens e dereitos expropiados para que poidan manifestar por escrito ao órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente; apróbase o gasto polo importe total da expropiación e a seguinte relación de bens e dereitos afectados:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS					
FINCA	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO	SUPERFICIE AFECTADA (m ²)	SUPERFICIE TOTAL (m ²)
1	María Josefa Cabeza Pallas	15019A175000010000JF	Rústico protección patrimonio	2.418	2.418
2	José Mallo Pallas	15019A175000020000JM	Rústico protección patrimonio	2.540	2.540
3	Herdeiros de Indalecio Vilariño Pombo	15019A174000060000JZ	Rústico protección patrimonio e agropecuaria	1.899	1.899
4	Carmen Mallo Reigía	15019A174000070000JU	Rústico protección patrimonio e agropecuaria	1.642	1.642
5	José Cabeza Traba	15019A174000080000JH	Rústico protección agropecuaria	2.537	2.357

Así mesmo, segundo o disposto no punto oitavo deste acordo e de conformidade co previsto no artigo 49 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, CONVÓCASE aos titulares de bens e dereitos afectados:

- O día **21 de maio de 2026 ás 11.00 horas** na Casa Consistorial do Concello de Carballo co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereitos afectados. Así mesmo, procederase ao levantamento das actas de ocupación correspondentes.

Carballo, 22 de abril de 2026 (asinado dixitalmente á marxe)
O alcalde - José Daniel Pérez López